



Literatura Galega do s.XX e da Actualidade

Carga horaria: 4h. Departamento: Lingua Galega.

Con esta materia procúrase un achegamento a través da lectura reflexiva e crítica aos contidos literarios que se desenvolven de xeito máis xeral en Lingua Galega e Literatura de 2º curso de Bacharelato. O seu obxectivo principal é afondar nos coñecementos literarios e artísticos en xeral, mellorar o uso de técnicas e procedementos para unha lectura crítica e fomentar a sensibilidade estética e de relación coa sociedade entre o alumnado.

Xa que logo, a lectura lúdica, mais asemade crítica e intelixente, de obras esenciais na literatura do século XX e, de xeito especial, na do momento actual, ha de ser a actividade principal a desenvolver no curso, xuntamente coa elaboración en grupos de traballos de creación e investigación, encontros ou entrevistas con escritores e escritoras, visitas a museos ou roteiros literarios e exposicións orais na aula empregando as TIC.